

ARREDORES DE SANTANA "O COROCEIRO"

Por: José Manso Gómez



A coroa era un traxe para se protexer da choiva, imprescindible para andar no monte, ir regar, etc. O único material exclusivo que se emprega na súa fabricación é o xunco (*Juncus effusus*) ou a xunca, ou xonca (*Cyperus sp.*) moi abundante nas beiras dos camiños húmidos, pozas, lameiros, etc. e na Lagoa. Había que cortalo no mes de xullo, en boa lúa (chea ou mingunte).

Hai que volver sobre esta teima das lúas, de tanta importancia para os labregos. O labrego non facía matanza, corta de madeira, sementeira, posta de horta, poda de froiteiros ou viñado, etc. que non estivera rexida pola boa lúa. A boa lúa é a que vai cara abaixo, comeza o mesmo día que entra a lúa chea e termina cando entra a lúa nova, dura 14 días e o apoxeo da súa influencia benéfica é no cuarto mingunte.

Esta crenza, lonxe de morrer, segue en alza hoxe en día e aseguran que está demostrado cientificamente a súa influencia.

Logo de corta-los xuncos, había que mazalos e polos a secar. Despois podíanse gardar aínda que fora todo o ano, coidando de os mollar antes do emprego, porque o xunco era imprescindible para infinidade de cousas nun tempo no que había falla de cordoería: a xente procuraba ser autosuficiente, o xunco era febra (fibra) do país.

A **coroa** componse de tres pezas: capucha, corpo e capa, ademais das polainas.

O **corpo** vai dende os ombreiros ata por debaixo dos

xeonllos, sen mangas ou con elas, segundo os gustos. Abotóase por diante, con tarabelo e apresadeira ou con barazas; sobre el vai a capa, ampla ata cubri-los brazos.

O corpo comézase a tecer por debaixo, con canles de catro ou cinco xuncos retortos e en sentido vertical e xunguidos uns ós outros por medio dun trenzado cada 3 ou 4 cms.

A **capucha** é ampla e pode ir solta ou cosida á capa por debaixo dos ombreiros; leva unha baraza para axustarse á cabeza por debaixo do papo.

As **polainas** considéranse complemento imprescindible da coroa, co mesmo estilo no seu tecido; abren pola beira interior da canela, anoadas con barazas; no fondo abren en embude para rebotar por riba da chanca.

O **coroceiro** fabrica tamén:

Esteiras para as vacas (sorprende a consideración que o labrego tiña coas vacas paridas: había que pórllle a **esteira** ó lombo en caso de choiva para non se mollaren e se lle foran co leite).

Capazas empregadas para a sementeira do centeo, leva-los ovos á feira, etc.

Polainas para a roza dos toxos.

Coido que o **coroceiro** ten sido outro dos oficios que tampouco acadou a recibir un xusto recoñecemento ata pouco menos de se extinguir por completo. Lémbrome moi ben de ver ós homes armados coa **coroa** os días de choiva. Na contorna fabricaban, entre outros, os veciños do Castro, Sr. Delfín Facheque, o tío Paliñas, e o tío Caramona (lémbrome de ver esteiras penduradas do sobrado da súa casa, a modo de cortina), etc. Tamén lembro de as ver nas feiras de Xinzo, parece que procedían da bisbarra de Tioira, en Maceda.



OCEANDO, S.L.

AUDIO - VIDEO

SERVICIO TÉCNICO

VÍA DIGITAL

Telefónica
MoviStar

Dr. Touriño, 8 - Teléf. 986 883 957 - Fax 986 884 271 - 36900 MARIN